

Dunha maxia chamada Loureiro

O corazón portugués é o título da última novela publicada polo xornalista Ramón Loureiro, quen xa se dera a coñecer hai algún tempo co prometedor Morgado (1997). Nesta obra, finalista do Premio Carlos Blanco de Narrativa Galega e Portuguesa Eixo Atlántico 1999, o autor de Fene aposta novamente por aqueles trazos que xa definiran a súa primeira entrega narrativa, se ben levados aquí a un grao de elaboración e perfección estilísticas moito maiores. Unha crítica de Armando Requeixo.

- 07:49 26/07/2000

A indiferenciada mestura temporal entre o pasado e o presente (mesmo coa harmónica convivencia de personaxes vivos e ánimas) e a alternancia complementaria entre o real-cotían e o fantástico-mítico son, xa que logo, os riscos definitorios da novelística de Loureiro.

Máis aínda, o autor, nun deliberado xogo paratextual, ponte a os universos de O corazón portugués e Morgado dispoñendo en ambos protagonistas dunha saga familiar, recorrendo a personaxes comúns e introducindo escenarios idénticos. E fáino orquestrando unha cativante estrutura fragmentaria na que a técnica epistolar, o diario, a narración omnisciente e a transcripción do fluxo de conciencia se suceden nun continuo carrusel narrativo.

Pero alén diso O corazón portugués é tamén, ó seu xeito, unha novela de novelas, unha novela por decantación lectora, pois a propia literatura como tema é un motivo recorrente ó longo de toda a obra, onde inzan as referencias tanto ós clásicos da Antigüidade (Homero, César, Terencio, Horacio...) coma ós modernos (Camões, Pessoa, Wilde, Stevenson, Melville, etc.). Ademais, as fórmulas autorreferenciais e a notable presenza dun autor implícito que reflexiona de continuo sobre o propio acto da creación fan de obra un discurso en moitos momentos metaliterario.

Por outra banda, O corazón portugués, historia dunha irremisible decadencia da sociedade e valores fidalgos (e moito máis), acusa as influencias dos nosos clásicos de moi diferentes xeitos e por moi diversas vías. Neste sentido, son perceptibles en Loureiro as pegadas deixadas polo Otero de Os camiños da vida, polo Castelao das Cousas, pola narrativa de Cunqueiro (especialmente o Merlín e familia) e o Freixanes de O triángulo inscrito na circunferencia, entre outros.

Mais todo este magmático universo de influxos e lecturas é posprocesado por Loureiro, quen atopa aquí a súa propia voz, unha voz en boa parte autobiográfica (moitos lugares, persoas e motivos son doadamente indentificables), unha voz máxica que nos fala do ferida do amor, da galaica convivencia coa patria dos mortos e do papel redimidor que os sonhos e as ilusións teñen para o ser humano.

Non cabe dúbida de que con O corazón portugués Ramón Loureiro confirmou o moito apuntado larvariamamente en Morgado, regalándonos cunha novela de pulsión sentimental e melancólica que sen dúbida dará, para ben, moito que falar e ler.